

10 PROPOSTAS PARA UNS SERVIZOS PÚBLICOS ANTIRRACISTAS E INCLUSIVOS

DECEMBRO 2023

1.- REFLECTIR A DIVERSIDADE ÉTNICA E CULTURAL PRESENTES NA SOCIEDADE.

Os servizos públicos teñen a responsabilidade de reflectir a diversidade étnica e cultural presentes na sociedade, garantindo unha representación equitativa do conxunto da cidadanía en todos os ámbitos de modo que se facilite o exercicio efectivo dos dereitos.

2.- SER UN REFERENTE EN ERRADICAR O RACISMO E A XENOFOBIA.

Desde o conxunto dos servizos públicos, non unicamente desde os servizos especializados para tal fin, débese ser un referente en erradicar da sociedade os actos motivados polo racismo e a xenofobia, traballando de forma activa na prevención así como na atención ás vítimas das ditas prácticas discriminatorias.

3.- GARANTIR RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

Para afianzar as políticas de xestión da diversidade é preciso que pasen a ser unha cuestión estrutural e non simplemente conxuntura, o cal require da necesaria dotación orzamentaria nesta materia, así como a planificación, cronograma e avaliación das medias adoptadas e do impacto e as súas respectivas melloras.

4.- FACILITAR PROGRAMAS DE FORMACIÓN SOBRE DIVERSIDADE CULTURAL E PREVENCIÓN DO RACISMO.

É necesario o impulso de programas de formación e capacitación ás empregadas e empregados públicos sobre diversidade cultural, racismo e discriminación, e facilitar o desenvolvemento de procesos reflexivos, de intercambio de modo que se fortaleza o seu compromiso co avance cara a unha intervención con perspectiva intercultural e inclusiva.

5.- FOMENTAR A INVESTIGACIÓN E O DIAGNÓSTICO DAS CONSECUCIAS PERSOAIS E GRUPAIS, SOCIAIS, E ECONÓMICAS QUE O RACISMO E A DISCRIMINACIÓN TEN.

É importante reforzar institucións que ten por función observar o cumprimento de dereitos e prevención de realidades como o racismo e a xenofobia coa finalidade de servir como plataforma de coñecemento, encontro para a colaboración, análise e impulso do traballo desde as administracións públicas para combater a discriminación en todas as súas manifestacións.

6.- FORTALECER EXPERIENCIAS DE PARTICIPACIÓN E EMPODERAMIENTO.

É importante, fortalecer experiencias de participación e empoderamento con colectivos potencialmente vítimas de procesos de discriminación para garantir información adecuada sobre os seus dereitos e os mecanismos tanto para o seu exercicio como defensa.

7.- IMPULSAR CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN CARA AO CONXUNTO DA SOCIEDADE.

A sensibilización do conxunto da sociedade debe impulsar espazos de encontro, propiciar o coñecemento, o pensamento crítico co fin de combater os bulos e discursos de odio que impiden a convivencia.

8.- IMPLEMENTAR MECANISMOS DE DENUNCIA ANTE DELITOS DISCRIMINATORIOS.

É responsabilidade dos servizos públicos, a través dos seus mecanismos de control adecuados deseñar e implementar mecanismos de denuncia ante tratos discriminatorios mediante o establecemento de protocolos de atención e actuación.

9.- CONTRA NARRATIVA AO DISCURSO DE ODIO.

Desde os Servizos e empregados e empregadas públicos debemos manter unha contra narrativa constante ao discurso de odio, poñendo en valor a diversidade, a igualdade e a responsabilidade no coidado mutuo. Non basta con desmontar os bulos e o discurso racista, é necesario desenvolver estratexias anti manipulación e de desenvolvemento do pensamento crítico na cidadanía, especialmente, no ámbito da educación formal e non formal.

10.- REVISIÓN E AVALIACIÓN DO IMPACTO DAS POLÍTICAS E SERVIZOS PÚBLICOS.

Revisar e avaliar as políticas públicas e servizos sexa cal for o ámbito desde unha perspectiva dos dereitos humanos, o que implica recoñecer o contexto e a discriminación estrutural que existe e como condiciona a vida dos colectivos e grupos máis vulnerables.

